

Orientacións para o profesorado

INTRODUCCIÓN

Esta proposta céntrase na alimentación, a saúde e a educación como necesidades básicas ás cales millóns de persoas no mundo non teñen acceso. Pártese de dúas ideas clave. A primeira: que tódalas persoas temos dereito a ter cubertas estas necesidades. A segunda: que aínda que sexa un dereito universal, a distribución inxusta dos recursos impide o cumprimento destes.

OBXECTIVOS

Cofiecer cá é, a nivel mundial, a falta de aplicación dos Dereitos Humanos máis elementais, como son o dereito á alimentación, á saúde e á educación.

Analizar algunhas das causas que impiden a millóns de persoas ter unha vida digna, debido á imposibilidade de acceder a estes dereitos.

Reflexionar sobre a necesidade de cambia-las actuais estruturas económicas que xeran pobreza e exclusión social.

Participar na busca de alternativas individuais e colectivas que contribúan a un desenvolvemento baseado no respecto ós Dereitos Humanos.

CONTIDOS

Actitudes, valores e normas

A valoración dos Dereitos Humanos.

A empatía e o respecto a realidades diferentes á propia.

O fomento da solidariedade e a xustiza social.

A participación e o interese pola resolución de problemas de forma xusta.

Conceptos

Os dereitos básicos das persoas.

Indicadores que demostran que as necesidades básicas non se cubren de xeito similar en todo o mundo.

Causas e consecuencias a nivel individual e colectivo de non ter cubertas estas necesidades básicas.

Procedementos

Lectura e análise de textos.

Lectura e interpretación de datos estatísticos, gráficos.

Debate e argumentación.

Diferenciación entre causa e consecuencia.

TEMPORALIZACIÓN E METODOLOXÍA

4 sesións clase. Suxerimos dúas posibles formas de organización:

a) durante 3 sesións, os grupos traballan os tres dereitos, cada dereito nunha sesión. Resérvase unha sesión para o desenvolvemento das alternativas e a síntese;

b) divídese a clase en tres grupos. Cada grupo traballa un dereito durante unhas dúas sesións. Na terceira sesión compártese o traballado por cada grupo e na cuarta abórdanse as alternativas e a síntese.

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

LECTURA DE IMAXE

Obxectivo: Motivar sobre o tema e facer emerxe-las ideas previas. A continuación, leremos colectivamente o texto da portada.

Descrición: A partir da fotografía de fondo da portada e do resumo dos artigos 25 e 26, formúlense unha serie de preguntas de forma colectiva.

Orientacións: Empézase por formula-las seguintes cuestións e intentar que, entre toda a clase, se chegue ás respostas correctas. ¿Que é un dereito? ¿Que é un deber? Débense pór exemplos.

Despois de aclarar-lo concepto de "dereito", formularémo-la pregunta: ¿Que é a Declaración Universal dos Dereitos Humanos? ¿Quen e cando a fixo? Nesta pregunta, o profesorado debe aportar información sobre as NN.UU, a Declaración dos Dereitos Humanos e as datas. A continuación, lese colectivamente o texto de portada que fai referencia ós artigos 25 e 26. Despois, pregúntaselle ó grupo: ¿Vense cumpridos estes dereitos en nós? A DUDH ten un carácter universal, pero, ¿credes que se cumpren en todo o mundo?, ¿en que partes do mundo se cumpren menos?

Para contestar estas dúas últimas preguntas o alumnado pode ter información a través de Internet. Se non fose así, o profesorado deberá axudarlle a encontra-las respostas.

RASMÁN, UN NENO DE BURKINA-FASO

Obxectivos: Coñece-lo incumprimento do art. 26 da DUDH. Recoñece-la educación como unha ferramenta básica para erradicar a pobreza. Identifica-las causas e consecuencias da falta de escolarización de millóns de persoas, sobre todo de mulleres e nenas.

Descrición: A partir dun caso concreto e dunhas informacións diversas a escala mundial, propónselle ós alumnos, de xeito colectivo, as preguntas de comprensión lectora. Posteriormente, pódese realizar unha actividade de simulación na que o alumnado poida reflexionar sobre a importancia que a escolarización ten para seu propio desenvolvemento. Recoméndase terminar esta actividade cunha pregunta con resposta individual que podería ter valor avaliativo.

Orientacións: As tres primeiras preguntas deben formularse de xeito colectivo en forma de choiva de ideas, e recollelas no taboleiro. É dicir, primeiro apúntase todo o que se di e logo, a través do debate, acórdanse as respostas. Na primeira pregunta sería conveniente diferenciar-las causas familiares (axudar na casa, traballar,...) das nacionais ou do país (falta de recursos, de escolas, de material, conflitos...). Cando se acordaron as respostas, o alumnado cópias na súa ficha xa que así poderá dispoñer de toda a información necesaria para abordar-la actividade de avaliación final deste monográfico. Para a terceira pregunta convén lembrar que “cando se educa un home edúcase unha persoa, pero se se educa unha muller edúcase unha familia”.

En “Xoguemos a Expediente X” propónselle ó alumnado que reflexione individualmente sobre a situación que se lle presenta para poñer despois en común as tres cuestións presentadas.

Finalmente, a última pregunta é unha síntese de todo o traballado. Para axudarlles a responder, adxúntaselles unha gráfica ilustrativa. O concepto “son pobres” refírese ás persoas cun ingreso anual per cápita inferior a 3.125\$ USA. En España é de 14.490\$ USA

ALIMENTOS PARA TODOS

Obxectivos: Reflexionar sobre os mitos da fame na Terra. Recoñecer algunhas das causas da fame. Coñece-lo incumprimento do art. 25 da DUDH no que se refire á alimentación. Coñecer cómo as poboacións empobrecidas do Sur buscan solucións ó seu déficit alimentario.

Descrición: A partir de tres informacións sobre a situación da fame no mundo propónselle un exercicio de relación para desmentir algunhas das afirmacións que habitualmente a xustifican.

Despois do estudio xeral da situación no mundo, pásase a un caso concreto a partir do que se apuntan algunhas das causas que provocan o incumprimento do artigo 25 da DUDH. Así mesmo, apórtanse algunhas iniciativas que as poboacións empobrecidas poñen en marcha para facerlle fronte a esta situación.

Orientacións: Procederese á lectura individual das tres informacións para que, posteriormente e en pequenos grupos, se comente o exercicio de relación seguinte. Cada grupo exporá súas conclusións e entre toda a clase analizaranse as afirmacións presentadas a partir dos argumentos dados.

Logo procederese á lectura individual dun caso concreto. Cada un debe subliñar no texto as causas que confirman a situación de carencia alimentaria. Débense pór en común para elabora-la lista final. Dada a complexidade do tema, só se apuntan algunhas das causas como ilustrativas da dependencia entre os países pobres e os países ricos.

Para finalizar, fórmúlase unha pregunta de comprensión sobre os comedores populares. Pode ser un bo momento para pedir máis información sobre a organización popular en moitos países do Sur. Así mesmo, pódese propoñer ó alumnado contactar con asociacións e colectivos que na súa zona, barrio ou cidade estean levando a cabo actividades deste tipo.

O DEREITO Á SAÚDE

Obxectivos: Recoñece-la importancia da saúde para o benestar e a dignidade das persoas. Identifica-las dificultades que millóns de persoas no mundo teñen para acceder ós servizos sanitarios mínimos.

Descrición: Confección dun carné de saúde de cada un dos alumnos e alumnas, así como o da persoaxe que se presenta, Elayán. Cando se cubran os carnés, débese proceder a comparalos para pór en evidencia as diferencias no acceso ós servizos de saúde.

Orientacións: O alumnado debe completa-lo seu carné de saúde de xeito individual. Para iso, deberá consultar algúns datos coa súa familia. Logo pídeselle que lean a historia de Elayán para que en grupos confeccionen o carné de saúde que lle correspondería. Unha vez obtido procédese ó debate colectivo e detéctanse as diferencias existentes entre ámbolos dous casos. É importante ir preguntando o porqué en cada caso e facilita-la identificación das causas e consecuencias que xera o incumprimento do dereito á saúde.

¿QUE PODEMOS FACER?

Obxectivo: Reflexionar e potenciar actitudes de implicación persoal.

Descrición: Proporciónaselle o caso dun neno de idade e circunstancias similares ás do alumnado. A continuación, preséntase un dilema moral que se debe solucionar a partir de alternativas concretas.

Orientacións: Proponse a lectura colectiva da historia de Pascual. Posteriormente e en pequenos grupos pasarase a debate-lo dilema: ¿que debe facer Pascual perante esta situación? Preséntaselle unha batería de opcións para discutir e elixir. Finalmente, cada grupo aportará as súas decisións. É recomendable matiza-la importancia de calquera decisión así como a propia responsabilidade individual.

INFORME CONFIDENCIAL

Obxectivos: Sintetiza-las ideas básicas da aprendizaxe realizada. Reflexionar e tomar posición perante a grande inxustiza que padecen millóns de persoas no mundo.

Descrición: Proponse un xogo de simulación onde o alumnado recibe un encargo da ONU para elaborar un informe sobre a situación dos Dereitos Humanos no mundo.

Orientacións: Cun recordatorio previo dos contidos traballados, o profesorado deberá motiva-los alumnos e alumnas a partir dun xogo de simulación no que individualmente e como expertos da ONU deben enche-los datos que se lles piden no informe (tódolos datos están recollidos nas actividades xa realizadas). Posteriormente, de xeito individual e en calidade de síntese, deben elaborar unha serie de recomendacións ou posibles solucións para facer posible o cumprimento dos Dereitos Humanos presentados.

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Artigo 25: Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios...

Artigo 26: Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta. A instrución elemental será obrigatoria...



RASMÁN, UN NENO DE BURKINA-FASO



© Tomás Abella - Intermon Oxfam

Rasmán ten 12 anos, vive cos seus pais e os seus cinco irmáns en Goruga, unha pequena aldea da zona do Sahel, en Burkina-Faso. Cada día el e seu irmán maior érguense moi cedo para ir á escola despois de axudar en diversas tarefas domésticas como ir buscar auga ó pozo, recoller leña para cocíñar e darlles comida ós animais do rabaño.

Na zona rural onde vive Rasmán os problemas de supervivencia están aumentando porque a vexetación cada vez é máis escasa debido á falta de choivas, á sobreexplotación dos pastos e á erosión provocada pola corta excesiva de árbores.

Rasmán ten que andar uns 4 Km para chegar á escola xa que no seu país o Goberno destina moi poucos recursos á educación, e polo tanto hai poucas escolas. Alí encóntrase cos seus amigos e xuntos aprenden a ler e escribir. Esfórzase en aprender moito, aínda que na clase faltan pupitres e non hai libros. A súa familia non pode comprarlle os lapis e os cadernos, pero considérase afortunado porque moitos nenos, e sobre todo nenas, do seu poboado non teñen a oportunidade de asistir nunca á escola. Ós pais de Rasmán gustaríalles que

el non tivese que faltar nunca a clase, pero con frecuencia debe contribuír ás tarefas do poboado, porque iniciaron un importante traballo de construción de pequenos diques e muros para evitar así a dispersión da auga e o avance do deserto do Sahara.

A Rasmán gustaríalle non ter que abandona-la escola, porque sabe que cunha boa formación conseguirá un futuro mellor para el e os seus. De non ser así, terá que emigrar á veciña Ghana para traballar nos campos de cacao, ou a Europa.

SABÍAS QUE...

125 millóns de nenos e nenas de todo o mundo non teñen acceso á escolarización.

150 millóns de nenos e nenas en idade escolar abandonan a escola sen ter superado os catro anos de escolaridade.

872 millóns de persoas adultas son analfabetas. Destas, dúas de cada tres son mulleres.

A educación para toda a poboación do planeta implicaría aumentar en 8.000 millóns de dólares o investimento educativo mundial. Esta cantidade equivale a:

- Os gastos militares de catro días en todo o mundo.
- O equivalente ó que España gastou en defensa no 1996.
- Menos do que gasta a poboación europea cada ano en xeados.
- O diñeiro gastado en xogos de azar en 1996 na Comunidade de Madrid e Cataluña.
- A metade do que Europa e os Estados Unidos gastan en alimenta-los seus animais domésticos.

¿Cales son as razóns polas que no mundo tantos nenos e nenas non asisten á escola?

¿Que consecuencias ten para eles e elas a falta de escolarización?

¿Por que cres que as nenas asisten menos á escola cós nenos?

Causas familiares	Consecuencias familiares
Causas nacionais	Consecuencias nacionais

XOQUEMOS A EXPEDIENTE X

Imaxina que ... es un personaxe de expediente X. Fuches abducido. Cando espertas atópaste nunha cidade asiática, Djakarta. Non coñeces a ninguén, só te-lo que levas posto. Nesta cidade non hai embaixada española. Toda a túa familia, amigos e coñecidos desapareceron. ¡Estás inmensamente só ou soa!




- ¿Convertiríaste en pobre ou co tempo faríaste un lugar na sociedade?
- ¿Cal é o recurso que xa tes e que che permitiría “prosperar”?
- ¿Que cres que che aportaron os teus anos de escolarización?
- ¿Por que dicimos que a educación é un instrumento básico para saír da pobreza?


Un estudio realizado en Níxer demostrou a relación directa entre pobreza e falta de acceso á educación. A investigación levada a cabo identificou o nivel de estudos dos e das cabezas de familia.

Os resultados obtidos foron os seguintes:


NIVEIS DE POBREZA



Grupos familiares nos cales o ou a cabeza de familia non asistira á escola.



Grupos familiares nos cales o ou a cabeza de familia recibira educación primaria.



Grupos familiares nos cales o ou a cabeza de familia recibira educación secundaria.

ALIMENTOS PARA TODOS

Sabías que...


No mundo hai alimentos suficientes. A produción actual de alimentos permitiría cubri-las necesidades alimentarias de máis de 8.000 millóns de persoas; é dicir, dunha poboación un 40% superior á que hoxe habita o planeta.

Actualmente, o 25% da poboación do mundo consome o 75% dos alimentos existentes.

A alimentación é un dereito de tódalas persoas recollido no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Sen embargo:

- A fame afecta a 82 países do mundo dos cales 41 son africanos.
- 840 millóns de persoas padecen de malnutrición.
- Cada día morren 25 nenos por minuto a causa da desnutrición.



Nos países do Sur cada día morren a causa de diversas enfermidades entre 35.000 e 40.000 nenos e nenas. Case un 60% son mortes provocadas por tres enfermidades: a pneumonía, a diarrea e o sarampelo. As tres se poden prever e curar a un custo moi baixo.

Co que gasta o mundo en armamento durante un só día podería evitarse a morte de 250.000 nenos e nenas nunha semana.

ACLARÉMO-LAS COUSAS

Busca na columna da dereita datos que desmintan cada un dos mitos da fame no mundo

<ol style="list-style-type: none">1. Hai fame porque hai escaseza de alimentos.2. Hai fame porque hai escaseza de terras.3. A fame é consecuencia da densidade de poboación.4. Para solucionar-lo problema da fame a prioridade ten que ser producir máis alimentos.	<ol style="list-style-type: none">a. Gracias ó desenvolvemento tecnolóxico conseguíuse producir máis alimentos. Sen embargo, isto marxina e empobrece os pequenos agricultores con menos recursos, pois non poden competir coas grandes e modernas explotacións.b. Brasil cultiva máis hectáreas por persoa que Estados Unidos e a súa densidade de poboación é inferior. Sen embargo o 55% da poboación brasileira padece desnutrición.c. Só se cultiva o 44% da terra do planeta. En África, só o 33%. A razón é que os grandes terratenentes consideran a terra máis como un investimento que como un recurso alimenticio.d. En México, onde o 80% dos nenos e nenas de zonas rurais padecen desnutrición, os animais destinados á exportación consomen máis gran que toda a poboación mexicana.
---	--

E AS PERSOAS BUSCAN SOLUCIÓNS

Subliña no texto as causas que provocan a escaseza de alimentos



© Javier Rodríguez - Intermon Oxfam

Teresa vive nunha pequena aldea próxima á costa, no sur de Perú. Este ano fai sexto curso. Cada día, ó saír da escola, Teresa vai comer ó comedor popular do seu barrio. O comedor comunitario ten poucos meses de funcionamento e é o resultado dos esforzos de tódolos veciños e veciñas do barrio de Santa Margarita. Os guisados prepáranse en grandes potas, ás que cada familia aporta algún ingrediente: un tomate, unha cebola, un pouco de arroz... Deste xeito, tódalas persoas que acoden ó comedor asegúranse un prato de comida diario. Para moitas familias este prato é a única comida do día.

Na aldea de Teresa, a maioría das familias traballan na agricultura. Camilo e Susana, os pais de Teresa, teñen unha pequena parcela que herdaron dos avós. Pero a terra non é moi grande e as ganancias obtidas despois de vende-las colleitas non son suficientes para cubri-las necesidades básicas da familia: alimentos, material escolar, roupa, medicamentos, consultas médicas, diversión, etc. Camilo di que as cousas cambiaron moito desde a época dos avós. Antes as familias sementaban os alimentos necesarios para comer, pero agora o Goberno só lles axuda ós campesiños e campesiñas que cultivan produtos para a exportación: cana de azucre, café e cacao, que venden a Europa e Estados

Unidos. Susana opina que o problema reside en que os campesiños e campesiñas dos países pobres, que son os que cultivan a maioría dos alimentos que se consomen no mundo, non poden decidir a qué prezos venden os seus produtos. Os países ricos do Norte son quen deciden no mercado internacional canto pagan polos produtos dos países do Sur. E sempre pagan pouco...

¿Como se organizaron no barrio de Teresa para facerlle fronte a esta difícil situación?

O DEREITO Á SAÚDE

Completa o teu carné de saúde:

Completa o carné de saúde de Elayán:



© Tomás Abella - Internón Oxfam

O meu carné sanitario

Última vacinación	_____
Enfermidades padecidas	_____
Custo da vacina	_____
Motivo da túa última visita ó médico	_____
Nome do teu médico de cabeceira	_____
Nº pacientes que atende	_____
Hospital máis próximo	_____
Distancia en Km desde a túa casa	_____

Elayán é unha nena de 11 anos que vive en Pune, unha cidade da India. O seu irmán chámase Aziz. Viven co resto da familia: os pais, os avós e catro irmáns máis, dous nenos e dúas nenas. A irmá máis pequena morreu de sarampelo. A familia veu do campo hai dous anos porque a vida púxoselles moi difícil, xa que lles pagaban mal os poucos produtos que podían vender.

A casa onde vive Elayán, como tódalas do barrio, non ten auga. Por este motivo, ten que ir buscala lonxe. Alí, mediante unha bomba de man extraíase dun pozo que non ten ningún control sanitario; moitas veces sae un pouco toldada. Pero, a pesar de todo, é a auga que usan tódolos veciños para beber, cocíñar e bañarse.

No barrio non hai ningún centro de saúde. Cando algunha persoa se pon enferma ten que camiñar ata o hospital máis próximo, na cidade. Alí debe facer cola para ser atendida, xa que hai máis de 10.000 habitantes no barrio. Se lle receitan medicamentos, ou se ten que pór algunha vacina, quizáis non os poida pagar. É o que xa lle ocorreu a Elayán: sufriu unhas febres moi fortes, con diarrea, e tivo que camiñar 5 Km ata o hospital máis próximo, acompañada pola súa nai, Rahel.

Hai un ano prometéronlles ós habitantes do barrio que lles construírían sumidoiros. Pero aínda non empezaron as obras. Un político do Concello explicoulles ós veciños que o Goberno non ten diñeiro para pór sumidoiros, auga corrente e hospitais, porque o país débelles moitos millóns ós países ricos que presionan ó Goberno para que pague. Mentres, no barrio, as augas sucias filtranse e mestúranse coas limpas. E din que, por esta razón, a auga dos pozos sae turbia e provoca moitas enfermidades.

Carné sanitario de Elayán

Última vacinación	_____
Enfermidades padecidas	_____
Custo da vacina	_____
Motivo de súa última visita ó médico	_____
Nome de seu médico de cabeceira	_____
Nº pacientes que atende	_____
Hospital máis próximo	_____
Distancia en Km desde a súa casa	_____

¿QUE PODEMOS FACER?

Le o seguinte texto. Pensa qué debe face-lo protagonista (ó final dámosche algunha pistas). Comparte as túas reflexións cos teus compañeiros e compañeiras da clase.

Pascual é un alumno de sexto curso. Na escola faláron sobre a "Declaración Universal dos Dereitos Humanos". A Pascual impresionoulle saber que no mundo hai tantos nenos e nenas que non poden ir á escola ou ó médico ou que non poden alimentarse de forma axeitada.

Na escola organizouse unha campaña que, co apoio dunha ONG, intenta concienciar sobre o incumprimento da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en moitos países.

Pedíronlle a Pascual que colabore na campaña, porque sabe debuxar moi ben. Isto supón que durante tres sábados pola mañá terá que ir á escola a preparar pancartas e carteis para unha festa da solidariedade que preparan para a clausura da campaña. Pero os sábados pola mañá ten partido de baloncesto, o seu deporte preferido. El xoga co equipo do barrio, do que é uno dos principais xogadores. Sabe que non pode faltar, porque, se non, o adestrador pódeo castigar ó banco e custaríalle recupera-la titularidade.

¿Que debe facer Pascual?

- Ten que ir ós partidos de baloncesto, porque o seu primeiro compromiso está co equipo. Ademais, a campaña farase igualmente posto que el non é imprescindible.
- Todo iso da Declaración dos Dereitos Humanos está moi ben, pero a Pascual non lle afecta. Aféctanlle máis os seus estudos e as súas afeccións, como o baloncesto, do que é unha promesa.
- Será moi difícil conseguir algo nesta campaña, porque os problemas do mundo son difíciles de resolver.
- Debe deixa-lo baloncesto e apoia-la campaña de solidariedade.
- Pensa outras posibilidades e discúteas co teu grupo.

INFORME CONFIDENCIAL



O Secretario Xeral das Nacións Unidas (ONU) encargouvos un Informe para sabe-lo grao de incumprimento dos artigos 25 e 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no mundo. No Informe tamén tedes que expoñer como expertos que sodes, algunhas propostas ou recomendacións para solucionar os incumprimentos.

Artigo 25: “Toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios...”

En canto á alimentación

Incumprimento

Actualmente millóns de persoas padecen malnutrición.

Estas persoas localízanse en países, 41 dos cales sitúanse maioritariamente en

Coa produción actual de alimentos no mundo poderíase alimentar a millóns de persoas.

Recomendacións-solucións

En canto á saúde

Incumprimento

Actualmente entre e nenos e nenas do mundo morren de enfermidades facilmente curables.

Estas persoas localízanse en países do Sur, especialmente en, América Latina e

Co que se gasta no mundo en armamento nun só día, podería evitarse a morte de nenos e nenas nunha semana.

Recomendacións-solucións

Artigo 26: “Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta. A instrución elemental será obrigatoria...”

En canto á educación

Incumprimento

Actualmente millóns de nenos e nenas de todo o mundo non teñen acceso á escolarización.

Estas persoas localízanse en países do, especialmente en África, e

A educación para todos implicaría gastar menos do que os cataláns mailos madrileños gastaron no ano 1996 en

Recomendacións-solucións

Esperamos que lle sexa de utilidade este Informe, atentamente

Sinatura
Experto en Dereitos Humanos